

San Xoán Pequeniño

II Festival infantil de San Xoán - 2014 - 24 de xuño - Praza de María Pita - A Coruña



www.urdime.net
info@urdime.net
+34 881 940 969
+34 679 946 957
+34 619 920 335



Despois do gran éxito de participación no I San Xoán Pequeniño celebrado o día 24 de xuño do 2013 na praza de María Pita da Coruña, na que recibimos unha afluencia de máis de 8000 persoas, chega xa unha nova edición do festival.

O festival infantil **San Xoán Pequeniño** está dirixido ao público infantil e xuvenil, que acompañado das familias, disfrutarán dunha programación musical durante o día máis longo do ano. Sen dúbida unha proposta de ocio e cultura que quedou referenciada en moitas familias que tiveron a oportunidade de experimentalala o ano pasado, xa que ata o momento non se tiña constatado un exemplo similar, xuntando as principais bandas galegas de música infantil do momento.

Constatamos o éxito do primeiro ano debido as boas críticas tanto na prensa como nas redes, así como os comentarios de moitos asistentes solicitando continuidade a tal iniciativa.

Agora, presentamos unha nova edición, apostando por melloras tanto na programación como na calidade da produción.

Cando?

O 24 de xuño de 2014

Onde?

Na praza de María Pita

Como?

O FESTIVAL aspira a converterse nunha data esperada para os cativos e para as familias. O seu motivo debe estar nas escolas, bibliotecas ou casas particulares. de tal xeito que se converta nunha festa de interese comunitario e de cultura popular, como o é a noite de San Xoán, neste caso queremos que se achegue a ser o San Xoan dos cativos.

Este ano queremos dar un paso máis e presentar a unha das bandas que máis repercusión están tendo no panorama infantil a nivel nacional, **“PETIT POP”**, un grupo de música infantil de Asturias, formado por coñecidas integrantes de grupos como “Pauline en La Playa”, “Nosotrāsh”, “Undershakers” o “Edwin Moses”.

Tamén estará **“Magín Blanco”** coa outra parte de “A nena e o grilo”, esta vez presentando **“O Pais das apertas”**, un dos disco infantiles con maior venda en Galicia, e cun montón de fans.

“Os tres TENEORES” tamén estarán presentes cunha proposta imaxinativa con moito humor e ritmo.

Da seguinte pouco hai que falar, **“María Fumaça”**, liderada pola cantante e compositora UXIA Senlle. O directo de “María Fumaça” semella ser unha gran familia enriba do escenario, decenas de artistas acompañan a Rui, un neno con parálise cerebral, nel ofrece un repertorio cheo de maxia, viaxando co tren de “María Fumaça” por cada recanto da nosa imaxinación.

Unha xornada completa na que o espazo contará con :

-Actividades das diferentes artes escénicas sendo a música a cabeceira do cartel

-Actividades complementarias.

-O festival contará con lugares pensados para o descanso dos mais pequenos, aparcamento de carriños de bebés, zonas de xogo continuo no que calquera nena ou neno poida en calquera momento do día optar entre a programación e actividades de tipo individuais.

-A decoración do espazo tamén estará acorde coas idades obxectivo da actividade.

Programación:

Programación xeral do II Festival infantil San Xoán Pequeniño	
Programación escenario central	
12:00h	Apertura do festival, coas actividades paralelas – Aparición dos presentadores
12:15h	Chupinazo de presentación do festival con “ Circokote ” – Espectáculo de Circo
13:00h	Concerto “ O pais das apertas ” de Magín Blanco – Música e teatro
14:00h	Parada para xantar
16:00h	Os tres tenedores – Concerto música e teatro
17:00	O Folión do Zampón – Teatro de rúa con música, cabezudos e xigantes.
17:30h	Petit Pop – Concerto musical (Asturias)
18:30h	Espectáculo de Circo
19:00h	O Folión do Zampón – Teatro de rúa con música, cabezudos e xigantes.
19:20h	María Fumaça - música e teatro.
20:10h	Fin da festa
Programación paralela	
Obradoiros diversos	
Gran instalación de xogos populares e do Mundo.	
O Folión do Zampón – Teatro de rúa con música, cabezudos e xigantes anunciando o festival todo o día.	
Pepablo Patinho e Montse Piñón (actores de Teatro Ghazafelhos) como presentadores de todo o festival	

Programación artística



Compañía: O país das apertas de Magín Blanco
Espectáculo: musical (Teatro-Concerto)

Que Magín Blanco proceda do pop e se achegue agora a un público "sen límite de idade" dálle, certamente, un ar fresco a un espectáculo pensado tamén para os máis cativos. O ex da banda La Rosa ve agora como parte do seu público merma en idade pero conserva, intactos, o criterio e a esixencia. Para a xente miúda fai un espectáculo grande e resolve no escenario con achegas de enerxía, calidade e emocións.

Asociándose a un gran número de músicos, Uxía, Guadi Galego, Quim Farinha, Joao Afonso, Xoan Curiel, Jorge Juncal ou mesmo para dar forma as imaxes Iván Prieto e a dramaturxia do directo Charo Pita, Magín emprende esta nova viaxe cargada de ilusión e bo facer dando vida a "A nena e o grilo" que chega aos escenarios despois de ser presentado en libro-CD por parte da editorial OQO na súa colección Qson.

Un estilo actual e contemporáneo para un produto concibido para todas as idades, que gusta aos nenos e nenas grandes e aos grandes nenos e nenas. Un novo xeito de contar e cantar que ben se pode descubrir a curta idade, pero co que se viaxará ao longo de toda a vida.

Compañía: María Fumaça
Espectáculo: Concerto infantil

Sube á locomotora da familia María Fumaça. **É quizáis, un dos proxectos Musicais máis sorprendentes e fermosos dos últimos anos.** Trátase dun libro, que ven acompañado dun CD e dun DVD e un espectáculo, que pretende aportar optimismo sobre a discapacidade na infancia, difundindo a idea de que a discapacidade pode ser vivida con normalidade e optimismo. É sobre todo, segundo os seus autores, un libro sobre "a integración e a felicidade".

A alma máter de María Fumaça... cantar e bailar para ser máis feliz! é a artista **Uxía Senlle**. Explica que se trata dun proxecto que, fundamentalmente, comezou como "unha celebración de vida" adicada ao seu sobriño Ruí, un neno con parálise cerebral. "Hai seis anos pensei en que lle podería agasallar e gravámoslle un disco cada ano polo Nadal", no que colabora toda a familia e moitos dos seus amigos músicos.

Castro destacou que 'María Fumaça' (o nome que leva un tren que circula polo Brasil), é unha proposta moi completa, un proxecto no que se apostou "pola alegría de vivir e a integración".

O espectáculo conta coa colaboración de diferentes artistas como Magín Blanco, Isaac Palacín, Carlos Blanco, Tanxarina Teatro, Pablo Pastor, Cuchi Carrera ou Sergio Tannus. **Todos eles únense neste proxecto "vitalista e solidario"**. Como explica Uxía Senlle, **María Fumaça pretende abrir horizontes a través da música.**



Compañía: Petit Pop (Asturias)

Espectáculo: Concerto infantil



Con este proxecto temos unha intención moi clara: chegar ao pop aos nenos en absoluta complicidade coas súas familias.

Pretendemos desmarcarnos tanto das cancións puramente didácticas como da música descafeinada “de adultos” que se pode escoitar a diario pola tele e embarcar aos cativos nun viaxe por outros sons e experiencias.

É a música pop unha fórmula perfecta na que as letras falan de todo aquilo que nos interesa, do que nos importa, nos conmove, nos fai rir, nos pon melancólicos.... As melodías organízanse en pegadizos estribillos que resoan nas nosas cabezas noite e día, convertindo as cancións na banda sonora da nosa vida.

En Petit Pop levan todo este entramado ao terreo dos nenos; combinan un repertorio composto expresamente para eles con aquelas cancións de pop independente que pola súa sonoridade e temática poidan conectar co público infantil sen esquecernos das súas familias.

O público de Petit pop vai dos 0 aos 99 anos!



Compañía: Os tres TENEORES

Espectáculo: Cocido Sinfónico – Clown e música

Con estes tres músicos e cómicos o espectáculo está asegurado. Mesturan no seu repertorio varias disciplinas, destacando a música interpretada en directo e o clown. Son espectáculos dinámicos e con moi bo ritmo, nos que pode disfrutar toda a familia.

Cocido sinfónico é un espectáculo innovador de teatro, música e humor, dirixido a un público infantil e familiar nesta ocasión as portas deste peculiar restaurante, ábreanse dispostas a ofrecerlles aos comensais as músicas máis saborosas, acompañadas dos pratos máis suculentos e novidosos.

Prepara o teu padal e colle asento, pois poderás degustar os momentos máis exquisitos e larpeiros con este cocido sinfónico.

Con todo, só nos resta desexarvos un bo proveito!!



Compañía: Fantoques Baj

Espectáculo: Folión do Zampón – Teatro de rúa, cabezudos, música....

O folón do Zampón é un espectáculo con música en directo no que se misturan actores con figuras grandes e títeres para contar unha historia de aventuras protagonizada por dous heroes moi especiais, Brais e Chispín, que terán que enfrontarse ao xigante Zampón, o devorador de palabras máis lambón do mundo.

Un espectáculo de rúa que anima ao público e faino entrar no universo maxico dos debuxos animados ou do cómic.

Compañía: Malabaranda

Espectáculo: Reciclaxe



-Circo e humor como soporte fundamental dun espectáculo que tamén incorpora o clown e a música. Malabares fabricados a partir dos residuos, vasoiras que cobran vida e botellas que se transforman nun instrumento musical.

Todo a partires do lixo, unha das maiores aportacións do ser humano a natureza. Menos mal que existen estes dous barrendeiros tan especiais que transforman todo isto nunha forma de vivir, sentir e actuar: Reducir, Reutilizar, Reciclar e Renovar son as máximas deles. Un espectáculo ecolóxico para todas as idades.

Compañía: CircoKote

Espectáculo: Teatro & Circo de rúa



"CIRKOTE" é teatro, é circo, malabares e humor, moito humor nun espectáculo para todos os públicos. Ideal como animación de rúa para todo tipo de eventos (festas, feiras, festivais, etc.) Para encher de alegría e colorido rúas e prazas de pobos, vilas e cidades.

KOTE MALABAR artista de rúa, cómico e malabarista, leva máis de 10 anos facendo rir e disfrutar a todo tipo de públicos en infinidade de actuacións en festas, feiras, festivais e demais actos lúdicos e de entretemento por todo Galiza, Portugal e parte do estranxeiro. No espectáculo combina técnicas de circo, clown e teatro cómico e de participación, nunha relación directa actor-público, que pasará a formar parte activa e indispensable dun espectáculo no que che pode acontecer de todo, incluso que tí acabes sendo a estrela da función.



Actividades complementarias



Espazo dos xogos

Preséntase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes, así como unha presentación de xogos de creación propia de varios constructores.

Varios destes xogos avalan correntes pedagóxicas coma Waldorf ou Montessori, punteiras na pedagogía, e numerosas escolas e centros de arte utilizan este tipo de soportes. Outros corresponden máis co que se ve nas de feiras populares do norte de Europa.

Sen dúbida unha propostas avalada para unha xornada de festas e diversión!!

Espazo obradoiros

Outro dos espazos non menos importante será a zona de obradoiros, protexida do sol por carpas “tipo pagodas”. O colectivo “Babaluva” presentará unha batería de obradoiros cargados de inxenios e rescatados de grandes soños da humanidade.

Consigna de Carriños

Debido a gran número de familias que participan en estes actos, habilitamos un espazo para deixar os carriños dos Bebés, e de este xeito ofrecer un servizo que agradecerán as mamás e os papás, aínda que tamén é un valor para o bo funcionamento das actividades, xa que os carriños ocupan moito espazo.

Espazo descanso

Un espazo necesario dentro do *einfin* de actividade, é unha área de descanso, por elo deseñamos un “chill aut” infantil para que os máis pequenos poidan relaxarse, tanto para desconectar como para recargar pilas.